

# Tutorial do Mozilla Translator - MT -

Autores deste documento:  
• texto: Uxia DoBarro e Mariano Gueiro  
• capturas de pantalla: Semion Lugovici

Versión: v.0.1  
Data: febreiro 2005  
URL: sección de documentación de <http://galician.mozdev.org>

**O documento está só comezando, e por se algún lle resulta de axuda, e para que vexades que é posible a tradución o galego, como podedes comprobar nas capturas de pantalla :-)**

**Introducción.**  
Este tutorial trata sobre a utilización da aplicación Mozilla Translator para traducir aplicacións da familia Mozilla. O número de aplicacións que forman parte desta familia cada vez e maior. Daranse exemplos concretos, máis procuraremos tamén ser xenéricos para que a información indicada poida ser aplicada a calquera aplicación. Este documento basease na versión de Mozilla Translator 5.03, traducida polo seu Mozilla

As diferentes partes deste documento son:

1. Introducción: arquivos a traducir.
2. Diferentes ferramentas para a traducción.
3. Instalación de Mozilla Translator.
4. Seleccionando aplicación e glosario. Actualizacións
5. Traducindo dende cero.
6. Traducindo dende un glosario parcial.
7. Exportando un glosario parcial.
8. Traballando en equipo.
9. Xenerando arquivos .jar e .xpi
10. Probando o traballo.
11. Notas a ter en conta antes de traducir.
12. Novos xeitos de traballo: CVS e o exemplo de Firefox.
13. Anexo: bibliografía

**1. Introducción: arquivos a traducir.**  
Para traducir o Mozilla, tes que traducir catro arquivos que teñen a extensión .jar, que se atopan na carpeta /chrome dentro do directorio da aplicación.

Ditos arquivos son:

- en-US.jar
- en-mac.jar
- en-win.jar
- en-unix.jar

Como vos, o nome destes arquivos ven formado polo código ISO da lingua (neste caso, en, que é o inglés, do cal partírennos sempre), e pola outra, o código do país, US, dos Estados Unidos.

O primeiro arquivo, en-US.jar, ten a maior parte dos textos que teremos que traducir. Os outros tres arquivos, que como nosa nome o código da lingua, seguido dun guión e dunhas iniciais, son arquivos das diferentes plataformas: Mac, Windows e Unix.

Para traducir unha aplicación da familia de Mozilla o galego, teremos que traducir estes arquivos, e despois xenerar un arquivo .xpi. Dito arquivo serve tamén para traducir unha instalación xa instalada, coma para xenerar unha aplicación que xa teña de seu a traducción da lingua.

No caso do galego, o nome equivalente dos arquivos sería:

- gl-ES.jar
- gl-mac.jar
- gl-win.jar
- gl-unix.jar

O "gl" é o código para "galego". ES, é o código para "España".  
O obxectivo é a traducción de todos eles, para o final xenerar un arquivo .xpi, que será unha das partes do traballo final

**2. Diferentes ferramentas para a traducción.**  
Técnicamente, estes catro arquivos son arquivos de java, comprimidos co formato ZIP, e finalmente teñen cambiada a súa extensión pola de ".jar". Se tentamos descomprimir un .xpi, atopáremonos con que o resultado son estes catro arquivos.

Para levar a cabo a traducción, temos varios xeitos, cada un coas súas vantaxes e inconvenientes:

1. A mo: Este foi sempre o método tradicional, editar directamente os arquivos para traducir. Ten a vantaxe de que non se precisan ferramentas especiais para iniciar a traducción, pero ten varios problemas:
  - Inda que poida parecer sinxelo iniciar a traducción, o texto a traducir aparece de xeito confuso.
  - Dase unha baixa produtividade: pode traducirse a mesma frase varias veces, o proceso é moi lento, e un non ten sempre clara a cantidade de traballo feita.
2. Cunha aplicación por web: E un método que acaba de aparecer. Trátase de deixar unha ferramenta que funciona baixo PHP e java, e cunha base de datos MySQL para gardar o traballo.
  - Ten a vantaxe de que deste xeito, o traductor non ten que instalar nada no seu sistema, co conseguinte aforro en tempo e esforzo, de xeito que existe un maior potencial de tradutores.
  - Inda non está documentado este proceso, non se ten a seguridade do seu rendemento.
3. Con Mozilla Translator.
  - E unha aplicación desenvolto sobre a linguaxe JAVA. Isto fai que non sexa preciso ter unha plataforma concreta, senon que poida utilizarse calquera plataforma con JAVA: UNIX (Linux, BSD), Mac, ou Microsoft Windows.
  - Na que está desenvolto en JAVA, será imprescindible ter instalado JAVA no equipo que utilizemos para executar esta aplicación.

**3. Instalación de Mozilla Translator.**  
O primeiro, será asegurarnos que o equipo a utilizar teña soporte JAVA.  
Pódese descargar java dende <http://java.sun.com>. Preferentemente, utilizárase a versión SDK.

- Linux: para linux, será preciso iniciar a sesión coma root, facer executable o arquivo .bin que vimos de descargar ( `chmod 740 <ruta do arquivo.bin>` ).

Executar o arquivo .bin : `./<nome do arquivo>.bin`

Teremos que descargar a versión de Mozilla (ou da aplicación da familia de Mozilla), que queiramos traducir.  
No caso de que seña un equipo de varias persoas, lóxicamente, todos terán que poñerse daccordo coa mesma versión.

Se temos instalada unha versión anterior, será preciso desinstalar a versión anterior antes de instalar a nova, para despois non ter problemas de diferente tipo.

Despois de facer os pasos anteriores, podés descargar de balde o Mozilla Translator en: <http://www.mozillatranslator.org>

No caso de que descomprimos o arquivo da aplicación, terás diferentes xeitos de poñer en marcha a aplicación MT (que por certo, e un arquivo .jar, pero non o trabuques cos arquivos .jar da traducción):

- Mac: iníciase con facer un dobre click.
- Linux:

Con Linux pódese facer un shell script co seguinte contido:

```
#!/bin/sh
## Poner el path que corresponda en cada caso
CLASSPATH=/usr/local/java/jre/bin;
cd <directorio de trabajo>
$CLASSPATH/java -jar $MTmt502.jar
```

Outro xeito que tes e crear un enlace simbólico no directorio de traballo, para que apunte cara o arquivo do MT (mt502.jar, ou a versión que teñas), combinado cun enlace simbólico ún script xenérico co seguinte contido:

```
#!/bin/sh
CLASSPATH=/usr/local/java/jre/bin;
MTDIR=$(pwd)
echo $(MTDIR)
$CLASSPATH/java -jar $MTDIR/mt502.jar &
```

A liña de echo \$(MTDIR) os para que pola saída estándar saia unha mensaxe cunha ruta actual. Isto ten coma obxectivo saber qué e o que estamos traducindo, posto que MT non amosa ningunha mensaxe o respecto. Unha posibilidade e utilizar este script.

A continuación hay que darlle os permisos axeitados adecuados de execución, e crear un acceso directo a el no Gnome, KDE, ou o entorno que utilizemos en X-Windows.

- Windows:

(dende a liña de comandos,ou seña, o terminal): "`C:\Archivos de programa\java\<versión>\bin\javaw.exe`" .jar `C:\Archivos de programa\MT\mtXXX.jar` (mtXXX.jar representa o nome concreto do arquivo .jar, por exemplo mt502.jar)


Algo que é mellor interesáche, e facer un arquivo .BAT como o que vai a continuación, e un acceso directo dende o executador a este, para iniciar de xeito sinxelo o MT. Lembra de trocar na última liña o nome do ficheiro do MT pola túa versión, por se non coincide.

```
@ECHO OFF
SET CLASSPATH=%cruta cara a instalación de Java>\bin
cd <directorio de traballo>
%CLASSPATH%java -jar c:\Archivos de programa\MT\mt504.jar
```

quen sabe :-)

**4. Seleccionando aplicación e glosario.**


Como xa foi mencionado anteriormente, o Mozilla Translator serve non só para traducir o Mozilla, senon toda a súa familia.  
O primeiro paso a dar será indicarlle o Mozilla Translator (en diante utilizáremos MT para abreviar a hora de denominalo) onde están os arquivos .jar que queremos traducir, así como cal e o nome da aplicación.  
Para iso imos a opción file>manage products



[nota: como estas facendo isto por primeira vez, non te preocupes de non ter de fondo a ventá que pon "Chrome view for gl-ES" na captura de pantalla]


E despois escollemos os arquivos .jar .

Unha vez que temos e copiar as versións dos .jar o directorio de traballo de MT; tamén podémolos deixar no seu sitio e dende MT escollermos directamente estes arquivos:



Na ventá que nos sae, seleccionamos "Add" (engadir).

Despois, en "Name", poñemos o nome da aplicación, que é realmente un nome de convención (por exemplo, a hora de traducir o Mozilla, para evitar confusións, soe utilizarse o nome "SeamMonkey").




No apartado de "platform neutral", seleccionamos o arquivo xenérico, ou seña, en-US.jar.


A situación destes arquivos pode variar segundo a plataforma que utilizemos. A continuación de exemplo:

- Mac OS X : /Applications/Mozilla.app/Contents/MacOS/chrome
- GNU Linux: /usr/local/mozilla/chrome ou /usr/lib/mozilla/chrome
- MS Windows: C:\Archivos de programa\mozilla\org\mozilla\chrome

Por último, seleccionamos os arquivos específicos para as tres plataformas. Isto é independente da plataforma que esteamos a utilizar para a súa traducción. No apartado de "Name", poñemos o nome do arquivo (posto que inda que o seleccionamos, o nome ten que ser posto manualmente)




Unha vez feito isto, aceptáremos as dúas ventás, (ok, e na seguinte ventá, "exit")



**Actualizacións.**

Tanto se partimos de cero como se actualizamos unha versión, e preciso que utilizemos a opción de actualizar: `menu>update application`



Isto serve para indicarlle que actualize o glosario: poida que esteamos a traballar dende o glosario dunha versión anterior. Nese caso, non teremos que facer todo dende cero, senon que partiremos do punto anterior, para que so teñamos que engadir as diferencias. Para que o MT saiba que hay que engadir termos o glosario, termos que están por traducir, e preciso utilizar esta opción. O que fai a actualización e comparar as cadeas orxinais que están gardadas no arquivo "Glossary.zip" coas cadeas orxinais dos distintos arquivos ".jar". Cada cadea identifica pola concatenación das seguintes datos:

- Platform or Region
- Component
- Subcomponent
- File
- Key

A concatenación dos tres primeiros podemos chamala por exemplo coma "pola" (por facer a similitude coas polas dunha árbore), e e a unidade utilizada usada por MT para exportar ou importar glosarios parciais.

Se traballamos en grupo, podemo dividirmos as tarefas; nalgun caso habera quen faga un "Subcomponent" e outros un "Component", posto que non tódalas mensas polas teñen o mesmo tamaño.

Para cada cadea, MT compara o que poden dar estes resultados:


- O contido da cadea no arquivo ".jar" e no glosario de MT coinciden : as cadeas son iguais.
- O contido da cadea no arquivo ".jar" e no glosario de MT non coinciden: a cadea modifícouse e ten que ser revisada.
- A cadea non existe no glosario de MT: a cadea e nova e debe ser revisada.
- A cadea non existe no arquivo .jar: a cadea xa non e necesaria e borrárase do glosario.

A lista resultante amosada despois de efectuar o "update", non pode gardarse unha vez grabado o glosario (posto que, dende ese momento, súas cadeas orxinais coincidirán coas dos arquivos .jar e unha nova execución da opción "update", non dará os mesmos resultados).

A mens que teñas interese en gardar os cambios, para dividir o traballo a facer, podes pasar o punto seguinte.

MT fai unha lista con tódalas cadeas que dan lugar un resultado do tipo 2 ou 3. Cando conclue a revisión, amosa a lista en pantalla, e xusto antes, permíteche escoller os campos a aparecer na lista. A lista de campos a incluir (ctrl + click), son:


- Platform or region
- Component
- Subcomponent
- File
- Original
- Translated
- Keep




Sairamos unha ventá que será unha previsualización do contido dos arquivos.

Este tipo de opción, chamada "Fuzzy", serve para seleccionar os campos que queremos previsualizar.

**Edit>Chrome view**



De novo saírache a ventá:



Onde escollemos os campos que queremos ver.

Para seleccionarmos varios elementos, podemos facer click e pulsar a tecla de control (CTRL) o mesmo tempo.


Seleccionar máis ou menos campos e aído persoal, e tamén en función do tipo de traducción (por exemplo, hay campos da chave que se utilizan poucas veces, coma os atallos de teclado). Os campos que figuran na captura de pantalla, son un bo inicio.

Por último, temos que poñer no campo de "locale", o código de lingua que esteamos a utilizar. No caso do galego, poñeremos "gl-ES". [nas táboas ISO, "gl" e o código do galego, e "ES", de España. Do mesmo xeito, podemos atoparnos con outros casos coma "en-US" - o caso anterior, o inglés dos Estados Unidos-, ou "es-AR", o castelán de Arxentina]

**5. Traducindo dende cero**

Inda que o normal será que partamos dunha versión anterior, pode darse o caso de que váiamos dende cero. Se este e o noso caso, poderemos tamén, despois de dar os pasos anteriores, a traducción.

Para traducir (e isto aplicábase tanto se comezamos dende cero coma se non), poderás facelo poñendo nos campos de "translated" o termo traducido, que saírache xunto a do texto orxinal.



Outro xeito que temos de traducir, e escoller no menú superior esquerdo, a opción "edit selected phrase", co cal poderemos facer máis axustes:



Non hay que esquecer que cada certo tempo, teremos que gardas os cambios. MT soe ser estable, pero a opción que queremos xerar, o nome do arquivo (por convenio), aconséllase utilizar a extensión .par, como por exemplo

File > Savé glossary

Tamén será útil gardar, polo menos cando fagamos cambios nos axustes, a opción

File > Save settings

E cando queiramos rematar a sesión de traballo, escollermos

File > Quit

**6. Traducindo un glosario parcial o dende unha versión anterior.**

Pode ser, que partísemos dun glosario parcial (por exemplo, se traballamos en equipo). Poderemos partir dun glosario parcialmente traducido coa opción:

Import > Import partial glossary



Outro caso semellante, e cando queremos partir doutra versión anterior anterior, e non temos un glosario. Neste caso escolléremos a opción:

Import > Import translation

Se ben isto so sera preciso no suposto de que:

- partamos de cero
- non teñamos glosarios anteriores

**7. Exportando glosarios parciais.**

Aparte de gardar en cada sesión o noso traballo, e posible que precisemos tamén exportalo do xeito de "glosario parciais" (por exemplo, para traballar en equipo).

Seleccionáremos entón a opción:

Export > Export partial glossary



- Seleccionamos a pola a exportar (que será a que acordamos en facer, no caso de traballo en grupo.
- Escribir un nome de arquivo (por convenio), aconséllase utilizar a extensión .par, como por exemplo "glosario.communicator.par", facendo referencia a "PARcial")
- Pulsamos OK

**8. Traballando en equipo.**

Para levar a cabo a tarefa de traducir unha aplicación, pode ser moi útil que sexan varias as persoas a tarefa de traducir. Inda que se escollemos este xeito de traballar, teremos tarefas engadidas coma a coordinación, etc, ten a vantaxe de que pode aumentar moito a produtividade.

Un posible xeito para traballar en equipo, e aproveitar a posibilidade que temos no MT para exportar e importar glosarios parciais.

Tratárase de aproveitar que as aplicacións atopanse ordenadas a xeito dunha árbore con polas, de xeito que poderemos dividir o traballo, facendo que podamos dividir a tarefa das diferentes polas entre os tradutores.

Para iso, unha vez postos daccordo en que vai a traducir cada un, unha persoa que se adique a coordinar, pode exportar (no caso que xa partamos doutra traducción anterior) glosarios parciais.

Despois, cada un dos produtores, cando remata, exporta o seu traballo a outro glosario parcial, envíallo a quen coordina, e esta persoa envíallo a quen se ocupa de revisar (se non hay quen revise, terá que facelo o que traduz).  
Despois de revisar, o que revisa ténditas, pode expoñer o resto (por exemplo, a traves dunha lista de distribución), despois de consultar no glosario que ese particular non aparece reflectido.

No caso de utilizar este sistema de tradutores e revisores, os arquivos que sexan revisados, pode engadírelles, por convención, a extensión .rpar (Revisado o glosario PARcial).

E por último, xenerárase un único .jar, que servirá despois para xenerar o .xpi

Outro xeito de traballar podería ser que tódolos tradutores accedan a un servidor que ten os diferentes glosarios parciais nos que se dividiu a tarefa, subindo o final seu traballo: inda así, e imprescindible que os que formen o grupo de tradutores esten coordinados e comunicados entre si, dado que se non pode darse que unha parte da aplicación seña traducida dúas veces, e outra ningunha, coa perda de tempo que iso suporia.

**9. Xenerando arquivos .jar e os .xpi**

Cando teñamos rematado o traballo de traducción, será preciso xenerar arquivos .jar (isto faremolo se facemos todo, ou ben se temos esa tarefa nun equipo de traducción)

Témoalo coma opción en

Export > export JAR files



Indicaremos o código da traducción (no caso do galego, "gl-ES" - o nome e ubicación do arquivo que arquivo que queremos xerar, o nome do arquivo (por convenio), aconséllase utilizar a extensión .par, como por exemplo

11. Notas a ter en conta antes de traducir.

Cando comezas a coñecer o Mozilla Translator, un xa quere comezar a traducir, máis e importante ter en conta algún detalle máis:

- Garda teu traballo: cada certo tempo, poida o teu traballo [ File > Save glossary ], e ten tamén aparte unha copia de seguridade noutra parte, polo que poida pasar.
- Le o glosario: Utilizamos un glosario común, e poñémosnos en contacto coa lista para atopar un acordo (puntuación, traducións ambiguas, etc).
- Escrebe tus dúbidas: se non sabes por onde tirar, escolle a opción lóxica, máis entón, toma nota dela, por se repítesche a dúbida., poñendo unha referencia a primeira cadea onde liches a dúbida. Utiliza unha referencia que indique a pola completa (por exemplo, Thunderbird/platform/Neutral/global/MT default), o arquivo (por exemplo, tabbrowser.properties), e a chave (por exemplo, browserwithcaret.checkWindow) deste xeito lozaralá de xeito sinxelo. E sempre podes comentar estas dúbidas cos membros do teu grupo, a través da lista do correo ou do xeito empregado para a comunicarse nel.
- Pon atención a referencia as teclas: con isto, referíremonos os atallos de teclado das opcións do menú. O máis indicado e que deixes as existentes sempre que poidas. Máis iso non sempre pode facerse; mantén o orixinal cando seña posible (posto que se non pode dar lugar a conflitos), utilizando unha das columnas chamada "keep" (activado/desactivado), que serve para indicarlle a MT que a cadea non require tradución. Exemplos disto, son cadeas tipo "UTF-8", "DIN A-4", etc

[documento pendente de finalización. A continuación figuran tutoriais desta aplicación noutras linguas]

**12. Anexo. Bibliografía.**

O asturiano Xose Puento fixo un tutorial do MT en inglés.

Tamén háy outro par de manuais, en castelán no [proyecto.nave](http://proyecto.nave), e outro que ven co propio MT.

Outros referentes:

- Traducindo o firefox: <http://www.mozilla.org/projects/firefox/110n/>
- wiki sobre traducción: <http://server.lynggaard.org/110nWiki/Wiki.jsp?page=HowTo>